

somos diferentes



**Tarefa final: preparar un manual de "boas maneiras"
para un visitante a Galicia**

obxectivos

Participar en conversas nas que se poñan en relación as
opinións propias coas alleas
Empregar o idioma para expresar opinións e sentimentos
Redactar correos electrónicos
Dar instrucións
Léxico das festividades e das relacións
Xustificar e criticar comportamentos

1.

Previa:

Mira este anuncio que fala dalgúns tópicos sobre a forma de ser dos galegos.

Cres que son verdade?

Podes engadir algún máis?

Traballa coa túa parella ata ter unha pequena lista, que poremos en común co resto da clase:

2.

Estiveches algunha vez nun sitio onde che sorprendese especialmente o xeito que teñen de facer as cousas? Onde? Podes contar algunha anécdota ou historia sobre o que pasou? Prepáraa para o resto da clase.

3.

A. Que pensas dos manuais de “boas maneiras”? Opinas que teñen algún valor ou que son cousas doutro tempo? Resume a túa postura en dez liñas.

B. Agora, o profesor vai preguntar a túa opinión e debes defendela ante o resto da clase ou do grupo. Todos poden opinar.


C. A discusión fixo que mudases de idea? Redacta en dez liñas as túas conclusións e entrégallas ao profesor.

4.

O profesor vai entregar a continuación un texto con recomendacións e explicacións para non ofender a ninguén nun país moi diferente de Galicia: Xapón. Despois de lelo con atención, fai unha lista de cousas que se fan diferentes no teu país. Pona en común coa túa parella.

5.

Un amigo de Alemaña, Fritz, vai vir de visita á casa dunha familia galega para aprender o idioma. Contesta o seu correo electrónico, explicando as razóns das túas respostas:



Envíalle a resposta ao profesor a través do correo electrónico.

6. Agora imos preparar un manual de “boas maneiras” para visitantes a Galicia. Empezade cubrindo a grella que tedes a continuación:

Saúdos	Bos días, boas tardes
Agradecementos	
Invitacións	
Temas tabú	
De visita na casa de alguén	
Alguén vén á nosa casa	
Presentando a xente	
Quedando con alguén que che presentan	
Por teléfono	

7.

Por grupos ou parellas: o profesor vaille asignar unha situación da grella diferente a cada grupo. Tedes dez minutos para preparala. Despois, cada grupo vana representar diante da clase, intentando que sexa o máis correcta que se poida. O resto da clase, ao final, pode comentar cousas que farían de xeito diferente.

8.

Xa sabemos as cousas básicas para non resultar maleducados en Galicia. Agora imos organizar un pequeno manual entre toda a clase: cada grupo debe redactar as indicacións de conduta da situación que representou. Ao final, recollémolas todas nun documento único. Pódense ilustrar con debuxos ou fotos, se pensades que iso pode axudar.



Guía para o profesor

1. Os materiais están pensados como unha guía para levar a cabo unha tarefa final. As instrucións gramaticais, exercicios de reforzo ou complementarios pódense introducir en calquera momento do proceso, segundo as necesidades dos estudantes.
2. Os materiais complementarios do cartafol pódense entregar ou imprimir para uso común de todos os estudantes. Pódense incrementar con materiais reais impresos, proxeccións ou calquera material dispoñible na aula.

Son os seguintes:

- Un arquivo de vídeo do anuncio para a actividade 1
- Un texto para a actividade 4

3. O documento final, sexa de cada grupo ou individual, é o que queda para incluír no cartafol da biografía lingüística.

Data:

Lugar:

Nome do curso:

1. Cousas nas que mellorei nesta unidade:

	Que	Como
Palabras novas		
Expresións novas		
Novas cousas que podo facer en galego		
Coñecementos gramaticais		
Cousas sobre Galicia		
Outras cousas		

2. Do que fixen, que vou gardar no meu cartafol?

celga 4

UNIDADE
8

somos diferentes



material complementario

Boas maneiras en Xapón

A reverencia (*ojigi*)

A principal forma de saúdo en Xapón é a reverencia. A primeira vista pode parecer sinxela, pero a reverencia e as súas implicacións son moi complicadas; a inclinación, o tempo e o número das reverencias depende de quen se trate. A reverencia tamén se emprega para despedirse e como sinal de profunda gratitude.

- Unha inclinación duns 15 graos adóitase utilizar para situacións normais da vida cotiá, tales como saúdos.
- Unha inclinación duns 30 graos emprégase durante as presentacións e situacións máis formais.
- Unha inclinación duns 45 graos adóitase empregar para pedir desculpas ou para mostrar un profundo agradecemento.

Tamén existe unha inclinación de 90 graos que, a miúdo, se pode ver en xornais e na televisión cando se destapou algún escándalo e os responsables piden desculpas nas roldas de prensa. Considérase unha forma de desculpa bastante esaxerada.

Comportamento

A maioría das formas de comportamento e etiqueta son resultado dun desexo de que as relacións teñan a menor fricción posible. Aos xaponeses non lles gusta a confrontación e, aínda que as haxa, non adoitan pelexar ou rifar. Son un pobo que sabe ocultar detrás dun sorriso calquera sentimento, xa sexa felicidade, tristeza, vergoña e ata rabia ou enfado.

Os xaponeses son practicamente incapaces de dicir “non” a algo. É moito máis probable que digan que a petición é moi difícil de cumprir ou que lle dean rodeos ao asunto, sen dar unha resposta definitiva. Cando ocorre isto, convén non seguir insistindo. Mostrar impaciencia ou enfado non conduce a ningures, aínda que pedir desculpas, en ocasións, pode resultar beneficioso. E se alguén accede á petición, é mellor agradecerllo infinitamente.

Ao ser unha sociedade feita por e para o home, os homes acostuman a entrar e a saír polas portas e ascensores antes que as mulleres e no metro pódeseles ver sentados mentres as súas esposas permanecen de pé.

É de mala educación asoarse en público e máis cando se está sentado na mesa.

Tamén está considerado de mala educación sinalar persoas ou obxectos co dedo índice. Para sinalar, úsase a man enteira, coa palma cara a arriba e movéndoa lixeiramente.

As mostras de afecto en público están mal vistas, excepto cos nenos pequenos. Por iso, é practicamente imposible ver parellas bicándose na rúa. Algúns xestos occidentais, como chiscar os ollos ou encollerse de ombreiros, poden dar lugar a malentendidos.

Nunha conversación, é moi común oír repetidas veces *hai hai*, aínda que isto non debe interpretarse como unha afirmación (*hai* é unha expresión que indica afirmación), senón como un sinal de que o interlocutor está atento á conversación.

Chegar tarde a unha cita é considerado unha falta grave de educación. O diñeiro trátase en Xapón dunha forma discreta. Cando se ofrece diñeiro, xa sexa como agasallo dunha voda ou como pago de servizos prestados, o normal é que se faga nun sobre e abrir ese sobre diante da persoa que o entrega interprétase como unha falta de confianza cara ao interlocutor.

Cando nunha tenda devolven o cambio, darán o importe exacto xa contado e considérase unha ofensa contar o cambio diante porque iso insinuaría que se está intentando enganar.

Algúns descoidos interculturais

As relacións interculturais ás veces poden resultar complicadas se non se coñecen os costumes do lugar que se visita. Os xaponeses son moi sensibles neste aspecto e tenden a ter unha imaxe negativa dos occidentais cando observan o seu comportamento en Xapón; é por iso polo que moitos

propietarios de pisos ou apartamentos son remisos a alugárllelos aos occidentais.

Descoidos dos occidentais cando tratan con xaponeses

Asoarse en público

Nestas situacións, o mellor é levantarse do sitio ou virarse ou, en casos extremos, antes de asoarse, desculparse dicindo: *Shitsurei shimasu* ("desculpe")

Comer chicle mentres se fala

Isto constitúe unha falta grave nunha reunión de negocios ou cando se trata cunha persoa por primeira vez

Pór os pés encima da mesa ou da cadeira ou tocar a alguén cos pés

Bicarse en público

Permanecer moi preto de alguén cando se fala

Os xaponeses adoitan saudarse facendo unha reverencia, máis que estreitando as mans, bicándose ou tocándose e permanecen a unha certa distancia un do outro mentres manteñen unha conversación. As miradas aos ollos adoitan estar consideradas de mala educación

Dar propina

En Xapón, o prezo das comidas inclúe o servizo. Dar propina pode ser interpretado como un acto ofensivo

Descoidos dos xaponeses cando tratan con occidentais

Preguntar cuestións persoais cando coñecen a alguén por primeira vez

A idade, o salario, o alcume, se ten ou non noivo ou noiva, se está casado/a ou solteiro/a adoitan ser as preguntas máis recorrentes

Confundir o nome co apelido

En Xapón, o apelido precede o nome, o que leva a certa confusión cando se trata con occidentais

Estreitar as mans con debilidade

Estreitar as mans como forma de saúdo é un costume relativamente recente e moitos xaponeses non saben como facelo

Utilizar o estranxeiro como "branco" para falar inglés

Se a un o ven con cara de estranxeiro, independentemente de cal sexa a súa nacionalidade (para os xaponeses, todos os occidentais adoitan ser *amerikajin* ("americanos")), que un xaponés se achegue e pregunte: *May I speak English to you?* é algo inevitable. Nestes casos, o mellor é facerse o desentendido

Falar en inglés, aínda cando o estranxeiro sabe falar xaponés

Isto dá pé a situacións bastante divertidas: Quen é o xaponés e quen é o estranxeiro...?

Desculparse facendo unha reverencia

Aínda que isto pode ser de boa educación entre xaponeses, cando se fai fronte a un occidental a este pode darlle a impresión de que non o tomaron en serio e que lle están tomando o pelo.

As tatuaxes

Agora que está tan de moda facer tatuaxes con ideogramas chineses, convén recordar que en Xapón asocian as tatuaxes cos clans mafiosos, xa que só os *yakuza* (a mafia xaponesa) teñen o costume de levalos (e, ultimamente, algúns cantantes pop xaponeses). Á hora de ir a un *onsen* ("balneario") ou a un baño público, hai que ter isto moi presente se non se quere ser observado de xeito sospeitoso.

Comidas e bebidas

Considérase de mal gusto ir comendo ou bebendo mentres se camiña. Normalmente, os xaponeses que compran refrescos nas máquinas expendedoras quedan aí, beben e tiran o recipiente ao lixo, antes de continuar camiñando.

Bebidas

En Xapón, ofrecer *ou-cha* ("té verde") como bebida é un costume bastante arraigado. Adóitase servir quente e nunha especie de vaso. Non se lle engade nin azucre nin leite. Ao principio, pode resultar amargo, pero unha vez afeito ao sabor resulta unha bebida moi refrescante.

Salvo excepcións, como o viño, un non serve a súa propia bebida. As botellas de cervexa son tan grandes que a xente compárteas. As normas ditan que unha persoa sirva a outra, aínda que a medida que progresa a noite téndese a descoidar esta regra. Para brindar, a palabra que se utiliza é *kanpai*.

O *oshibori*

Antes das comidas, un dos costumes é o de ofrecer nos restaurantes unha *oshibori* ("toallina") fresca no verán, para refrescarse, e quente no inverno. Algúns xaponeses tamén limpan a cara con ela, aínda que non é moi correcto facelo. Ao acabar, non hai que deixala tal cal sobre a mesa, senón dobrala ou enrolala.

Os palillos (*hashi*)

Na mesa, a forma usual de colocar os palillos é paralelamente ao prato, coa parte máis fina (por onde se colle a comida) cara á esquerda, sobre o *hashioki* (unha peza normalmente de cerámica onde se colocan os palillos) e a parte máis grosa (por onde se collen os palillos) cara á dereita.

A forma correcta de colocalos é un entre a base do dedo polgar e o dorso do anular (este palillo permanecerá quedo) e o segundo entre a parte superior do polgar e os dedos índice e corazón (este é o que se move).

No que respecta á etiqueta no uso dos palillos, considérase pouco elegante:

- Se se está compartindo unha fonte de comida con varias persoas, utilizar o mesmo extremo dos palillos para afastar a comida e para comer. Neste caso, é mellor apartar a comida que non se leva á boca co extremo dos palillos e, logo de poñer a ración no prato, invertelos e empezar a comer.
- Mover os palillos sobre a comida, mostrando indecisión sobre o que se quere comer.
- Rebuscar cos palillos a comida.
- Picar a comida cos palillos, como se estes fosen petiscos.
- Atraer o recipiente da comida cara a si cos palillos.
- Coller a cunca de comida coa mesma man coa que se suxeitan os palillos.

- Deixar os palillos encima da cunca de comida. O máis correcto é deixalos no *hashioki*.
- Pasa-lle a comida a outro comensal cos palillos.
- Meter a punta dos palillos na boca cando se está comendo.
- Deixar os palillos cravados verticalmente nunha cunca de arroz, este acto significa que alguén morreu.

Comidas

A comida adoita empezar cun *itadakimasu* (literalmente, "recibo estes alimentos") e acabar cun *gochis?sama deshita* ("foi un festín").

A comida máis típica é o *teishoku*, un equivalente cultural ao prato combinado e que consta dunha cunca de sopa de miso, unha cunca de arroz, un prato con verduras en vinagre e o prato principal, que varía en función do menú. A sopa de miso normalmente bébese directamente da cunca. Considérase de bo gusto facer ruídos mentres se toma a sopa, especialmente se é de tallaríns (*soba, udon, ramen*).

Cando se comparte un prato, o normal é non comer directamente dese prato, senón apartar unha pequena cantidade de comida no prato dun e comer de aí.

A casa xaponesa

Ser invitado a un domicilio particular é unha honra pouco común. A maioría dos xaponeses consideran os seus fogares demasiado pequenos e humildes para ter invitados e é por iso que hai tantos restaurantes, cafeterías e bares.

Ao ser invitado a unha casa xaponesa, o mellor é levar un agasallo, como flores, bombóns ou froita. As bebidas alcohólicas, como o whisky ou o coñac, son tamén moi apropiadas para estas ocasións.

O calzado

Non hai nada máis desagradable para un xaponés que as soletas dos zapatos; por esta razón, quítanos antes de entrar nunha casa, nun *ryokan* ou nun

templo, así como nalgúns museos e restaurantes. Os establecementos xeralmente teñen zapatillas de plástico na entrada para o uso dos seus clientes, pero cando se entra nun recinto onde hai *tatami* tamén hai que quitar estas zapatillas e quedar en medias ou calcetíns. Por iso é moi importante que os calcetíns ou as medias non estean rotos.

Para ir ao aseo nunha casa particular hai outro par de zapatillas, tamén de plástico ou de goma, xusto á entrada do aseo. Non hai que esquecer cambiar estas zapatillas polas anteriores logo de utilizar o aseo, xa que de non o facer dará lugar a expresións de horror ou hilaridade entre os presentes.

O baño

Nas casas xaponesas, o normal é que o cuarto de baño (entendido como un sitio específico para bañarse) estea separado do aseo (entendido como o lugar onde se atopa o inodoro). A bañeira (*ofuro*) é un lugar para relaxarse que vai ser compartido polos demais membros da familia, polo que antes de entrar nela é esencial enxaboarse ben e aclararse con abundante auga.

De negocios

Antes de facer negocios en Xapón, é moi importante ter certo coñecemento de como funciona a sociedade xaponesa e do xeito no que os xaponeses fan os negocios. A Oficina Económica e Comercial de España en Toquio ofrece na súa web uns consellos moi útiles para aquelas empresas que queren penetrar no mercado xaponés.

A puntualidade

É moi importante ser puntual, tanto nos negocios coma nos acontecementos sociais. Os enderezos xaponeses adoitan ser complicados e o tráfico caótico, polo que convén saír coa suficiente antelación para evitar ter que dicir excusas moi trilladas. O normal é que os xaponeses cheguen uns minutos antes da cita.

Os cartóns persoais (*meishi*)

Cando se fai unha visita, o que non leva cartón persoal non é ninguén. Case todo o mundo leva consigo o seu cartón a modo de presentación. Se non o levan durante unha viaxe de negocios, os xaponeses desconfiarán. Aínda que é suficiente se os datos esenciais están en inglés, tamén convén imprimilo en

xaponés no reverso. Trátase dunha forma de axilizar a relación. Os xaponeses adoitan ter problemas cos nomes occidentais, polo que os cartóns fan máis fácil a súa comprensión. Ademais, nunha sociedade na que a xerarquía é fundamental, é importante saber o posto e a categoría que se ocupa na empresa e convén que no cartón se reflictan estes extremos. Se se trata dunha viaxe de turismo, ninguén o pedirá, pero presentalo será un xesto moi apreciado polos xaponeses

Aceptar e recibir agasallos

En Xapón, facer agasallos é un costume altamente ritualizado e úsase, principalmente, como unha forma de suavizar as relacións sociais.

Os agasallos van sempre envoltos.

Unha vez que é ofrecido o agasallo, non se pode rexeitar e, de facelo, debe facerse canto antes. O usual é non abrir o agasallo enseguida e, se se fai, débesele pedir permiso á persoa que fai o agasallo utilizando a expresión: *Akete mo ii desu ka* ("podo abrílo?").

É conveniente non facer un agasallo demasiado caro porque iso implicaría que o que ten que recibir o agasallo debería regalar unha cousa de igual ou maior prezo e caeríase nunha escalada de agasallos e contra-agasallos cada vez máis caros. A función do agasallo non é o agasallo en si, senón que é unha forma de recordar a importancia da relación.

Logo de facer unha viaxe, é típico levarlles aos familiares e compañeiros de traballo un recordo de onde se estivo (*omiyage*).

Cando se lles fan agasallos a xaponeses, o mellor é levar algo do país, como viño e outros produtos autóctonos.

Comunicación non verbal

A preferencia xaponesa pola comunicación por métodos non verbais maniféstase, a miúdo, no uso de xestos. A diferenza do que ocorre cos occidentais, que tenden a usar xestos para salientar o que están dicindo, os xaponeses tenden a utilizar os xestos en lugar de expresións faladas.

Moitos dos xestos xaponeses difiren considerablemente dos utilizados nos países occidentais. Outros parécense, aínda que o seu significado é completamente diferente.

- Sinalar o nariz co dedo índice é unha forma de referirse a un mesmo.
- Rascar a cabeza é un xeito de mostrar confusión ou desconcerto.
- Xuntar as palmas da man como se se estivese rezando é un xeito de desculparse.
- Pór a man como se se estivese suxeitando unha copa de sake é un xeito de invitar para ir beber.
- Pór as mans como se se estivese suxeitando unha cunca de arroz e utilizar os dedos índices e corazón como se fosen palillos é unha forma de suxerirlle a alguén ir comer.
- Pór os dedos índices das mans sobre a cabeza asemellando cornos é un xeito de indicar que unha terceira persoa (por exemplo, xefe ou esposa) está enfadada.
- Levar o puño detrás da cabeza e, de súpeto, abrir a man expresa a opinión de que unha persoa é parva.
- Cruzarse de brazos e pechar os ollos indica que esa persoa está pensando. Se se manteñen os ollos abertos, este xesto pode ser interpretado como unha forma de desafío.
- Pór o puño diante do nariz, imitando un nariz longo, indica que a persoa da que se fala é un farfallán.
- Entrecruzar os dedos índices das mans como se se tratase de espadas indica que hai dúas persoas que se están pelexando.
- O xesto de aplicar saliva sobre unha cella significa que un non está tomando moi en serio a historia que se está oíndo.

- Cando se pasa diante de xente, pararse lixeiramente, estender unha man diante do corpo e movela lixeiramente cara a arriba e cara a abaixo como se se estivese cortando algo é un xeito de pedir paso.
- Os brazos cruzados en forma de X indica que algo está mal.
- Elevar os brazos por encima da cabeza formando un U indica que algo está ben.
- Sentar coas pernas abertas é unha forma de manifestar superioridade ou arrogancia, dependendo da situación.
- Estender os dous brazos por encima da cabeza é unha manifestación de xúbilo.
- Formar un círculo cos dedos índice e polgar mantendo a man horizontal significa diñeiro.
- Se a man se pon en posición vertical, significa OK.
- Mover lixeiramente a man coa palma estendida diante da cara indica desaprobación.
- O xesto de atraer a atención faise movendo lixeiramente de arriba a abaixo a palma estendida da man.
- Levar a man ao pescozo ou á caluga e movela lixeiramente en posición horizontal significa que alguén foi ou vai ser despedido do traballo.
- Estender o dedo maimiño significa noiva ou muller, estender o polgar significa noivo ou marido e estender os dous dedos á vez significa parella.
- Entrelazar os dedos maimiños significa promesa.